



11 de setembro de 2008

Curso 2008/09 nº 1

boletin@edu.xunta.es




# BOLETÍN INFORMATIVO

## RECORDATORIO


**Premios de innovación educativa. Todos os premiados recibirán unha certificación de innovación educativa e unha dotación económica.**

- [ver cartel](#)
- [Innovación educativa \(remata o 15/09\)](#)
- [Valores democráticos \(remata o 15/10\)](#)
- [Sociedade información \(remata o 15/09\)](#)



## Alerta Escolar

[Acceso](#)



## Eduga

Novo nº 53 Competencia Plurilingüe. [Acceso](#)

## Información para o comenzo de curso

Acceso a documentos de interese para o profesorado:

- [Lexislación educativa](#)
- [Proxecto interdisciplinar](#)
- [Os métodos didácticos](#)
- [Obxectivos educativos](#)
- [Competencias básicas](#)

- [Deseño das probas de avaliación](#)
- [Plan TIC](#)
- [Proxecto lector](#)
- [Proxecto lingüístico de centro \(guía práctica\)](#)
- [Proxecto lingüístico de centro \(planificación\)](#)

- [Obradoiro de iniciativas emprendedoras. Acceso ao tríptico](#)
- [Obradoiro de iniciativas emprendedoras. Acceso ao web](#)
- [Plan de anticipación da primeira lingua estranxeira](#)

## Carné do profesorado en Xade

Dispoñible dende o 10 de xullo o informe PR994-carné

do profesorado destinado no centro

[Acceso a Xade](#)

## IX Concurso Hispanoamericano de Ortografía do ano 2008

Circular 8/2008 da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa pola que se ditan instrucións relativas á organización das fases de cen-

tro docente e autonómica do IX Concurso Hispanoamericano de Ortografía do ano 2008.

[Acceso](#)

## Resolución definitiva de seccións bilingües 08/09

Resolución definitiva da autorización de novos centros con seccións bilingües ou centros que xa estaban no

plan e que solicitan novas seccións para o curso 2008-2009.

[Resolución](#)

[Recomendacións metodolóxicas](#)

## Resolución provisoria do programa CUALE 08/09

Resolución pola que se fai pública a relación provisoria de centros autorizados (centros novos e centros con novas modalidades) para participar no programa de cursos

para a formación complementaria da aprendizaxe de linguas estranxeiras, CUALE, nos institutos de educación secundaria e nos centros integrados de formación profesional da

Comunidade Autónoma de Galicia.

[Resolución](#)

## Resolución do programa de anticipación 08/09



Autorización provisoria de novos centros para impartir o programa de anticipación da primeira lingua estranxeira a partir do curso 08-09. Os

centros que xa estaban a participar non figuran na listaxe. A súa renovación é automática.

[Recomendacións metodolóxicas](#)

[Resolución](#)

## Plan de Mellora de Bibliotecas Escolares

No DOG nº 172 do venres 5 de setembro sae publicada a Orde do 28 de agosto de 2008 pola que se resolve a convocatoria do Plan de Mellora de Bibliotecas Escolares en cen-

tros públicos non universitarios de titularidade da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria para o curso 2008/2009.

[Acceso ao DOG](#)

[Web de bibliotecas](#)



## Potenciación da lingua galega no 2º ciclo de educación infantil

O 28 de xullo resolveuse a convocatoria de accións para a potenciación da lingua galega no segundo ciclo de educación infantil en centros públi-

cos situados en contornos castelanfalantes. Seleccionáronse 23 centros que impartirán unha liña en galego e recibirán, para poñer en marcha a

iniciativa, dotación económica, material e asesoramento.

[Acceso](#)

## Premios a proxectos de innovación e normalización lingüística

Resolta a convocatoria de premios a proxectos de innovación en normalización lingüística para desenvolver no curso 2008/2009 que fomenten algún dos seguintes aspec-

tos: o uso da lingua galega oral, o coñecemento do galego por parte da poboación inmigrante, a colaboración con diversas entidades para conseguir a galeguización do

contorno dos centros educativos, a relación da lingua galega coas tecnoloxías da información e da comunicación.

[Acceso a listaxe de centros](#)



## Axudas para proxectos de fomento do uso do galego

No DOG do 5 de setembro publícase a resolución pola que a Secretaría Xeral de Política Lingüística anuncia a convocatoria de axudas para pro-

xectos de fomento do uso do galego nos centros públicos. O prazo de presentación dos proxectos remata o 6 de

outubro e a convocatoria presenta importantes novidades.

[Máis información](#)



## Convocatoria de voluntariado e solidariedade

Convocatoria conxunta da Dirección Xeral de Xuventude e Solidariedade e da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa pola que se organizan actividades

de sensibilización e participación en accións de voluntariado e solidariedade nos centros educativos de ensinanza non universitaria para conmemorar o Día Internacional do


Voluntariado.

[Acceso a convocatoria](#)

## Xornadas formativas Acompañante de transporte escolar

Cartel informativo das xornadas que se celebrarán en distintos puntos da Comunidade Autónoma.

[Acceso](#)



Fotografías dispoñibles nas galerías fotográficas do Portal de Contidos, de libre disposición para uso educativo.

## II Congreso Internacional de Síndrome de Asperger

Os días 19, 20 e 21 de febreiro celebrarase en Sevilla o II Congreso Internacional Síndrome de Asperger, co título “Actualizacións sobre una discapacidade social”.

[Máis información](#)



## Canal de YouTube

[Acceso ao canal](#)


Canal Mepsyd, o canal do Ministerio de Educación, Política Social e Deporte do Goberno de España en YouTube.



## Modelo de Parlamento Europeo

A inscrición para a Fase Escolar do programa Modelo de Parlamento Europeo (MEP) na súa novena edición no noso país remata o 1 de outubro.

[Máis información](#)



## O Dereito dos Nenos á Protección

A Comisión Europea convoca o concurso O Dereito dos Nenos á Protección co obxectivo de que os novos cidadáns europeos, de entre 10 e 18

anos, coñezan os seus dereitos. Diseñarán un cartel sobre o tema do dereito dos menores á protección na Unión Europea. O prazo de presen-

tación dos traballos remata o 29 de outubro de 2008.

[Máis información](#)

## V Carreira polos Dereitos do Neno

A actividade Quilómetros de Solidariedade está aberta a todos os centros educativos que se poden inscribir antes do 20 de outubro.

[Acceso](#)



## Consello de Seguridade Nuclear

O centro de información do Consello de Seguridade Nuclear con sede en Madrid,

oferta visitas guiadas para coñecer o centro.

[Acceso](#)

## Premios Irene

Amplíase o prazo dos premios Irene ata o 1 de outubro.

[Acceso](#)

[Bases da convocatoria](#)

Fotografías dispoñibles nas galerías fotográficas do Portal de Contidos, de libre disposición para uso educativo.

### *Axudas para agrupacións de centros educativos*

No BOE nº 211 do 1 de setembro convócanse axudas para o establecemento de agrupacións de centros educativos para a realización e posta en práctica de proxectos co-

múns. Poderán participar aquelas agrupacións que obtiveron unha axuda dos centros públicos españois de ensino non universitario. O prazo de

presentación será ata o 15 de outubro.

[Acceso](#)

### *Actividades programa Enseña*

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, dentro das actividades do Programa Enseña, convoca actividades de formación permanente do profesorado. O

programa é unha colaboración entre o Ministerio de Educación, Política Social e Deporte; o Ministerio de Industria e Comercio; Red.es e as Comunidades Autónomas.

[Máis información](#)

### *Congreso Internet na Aula*

A través da ligazón están visibles todos os vídeos e materiais do 1º Congreso Nacional Internet na Aula celebrado en Madrid, Barcelona, Granada e Santander. Así mesmo segue

activa a parte virtual do congreso ata o 30 de outubro

[Acceso](#)

### *Catálogo de recursos educativos da Dirección Xeral de Cooperación Exterior*

Xa está ao dispor do profesorado o catálogo de Recursos Educativos actualizado da Dirección Xeral de Cooperación Exterior. É un catálogo vía web no que se atopan os

proxectos das ONG galegas que traballan na educación para o desenvolvemento. En cada un dos proxectos atópanse os obxectivos e as actividades que estas ONG des-

envolverán este curso no ámbito educativo, xunto ao seu correo electrónico e aos seus documentos de educación para o desenvolvemento.

[Acceso](#)



*Ligazón á páxina de lexislación educativa: [acceso](#)*

## Webs temáticas

**Contidos Educativos**  
<http://www.edu.xunta.es/contidos>



**Plan Galego de Convivencia**  
<http://www.edu.xunta.es/convivencia>



**Plan Valora**  
<http://www.edu.xunta.es/valora>



**Mupegas**  
<http://www.edu.xunta.es/mupegas>



**Linguas estranxeiras**  
<http://www.edu.xunta.es/linguasestranxeiras>



**Rede TIC de Centros**  
[http://www.edu.xunta.es/contidos/rede\\_tic](http://www.edu.xunta.es/contidos/rede_tic)



**Bibliotecas escolares**  
<http://www.edu.xunta.es/biblioteca/blog>



## Publicacións

[LOE](#)

[Lexislación de Educación Primaria](#)

[Lexislación de Educación Secundaria](#)

[O proceso de adaptación. E ti ... vas á escola?](#)

[Plan de Convivencia](#)

[Saudíña](#)

[Alumnado con trastornos](#)

[xeneralizados do desenvolvemento](#)

[Alumnado con discapacidade motora](#)

[Alumnado con problemas de conduta](#)

[Alumnado con discapacidade intelectual](#)

[Alumnado con sobredotación intelectual](#)

[Proxectos de innovación educativa 2008-09](#)

[Premios de innovación educativa 2008](#)

[Plans e actuacións en innovación educativa](#)

[Medrando sáns. Hábitos saudables na Educación Infantil.](#)

[¿E por qué?. Prevención accidentes infantís](#)